



DATOS IDENTIFICATIVOS

Lingua: Comunicación Oral e Escrita: Español I

Materia	Lingua: Comunicación Oral e Escrita: Español I			
Código	V01G160V01101			
Titulación	Grao en Estudos de Galego e Español			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1º	1c
Lingua de impartición				
Departamento	Lingua española			
Coordinador/a	Rifon Sanchez, Antonio			
Profesorado	Rifon Sanchez, Antonio			
Correo-e				
Web				
Descrición xeral				

Competencias de titulación

Código	
A1	Dominar a comunicación cos e coas falantes das linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais, desenvolvendo a capacidade de comprensión e expresión oral e escrita, con tolerancia cara á diversidade social e cultural como resultado de defender os dereitos fundamentais de igualdade social, de xénero, de raza e de orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz.
A4	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüística e literario
A5	Dispoñer dos coñecementos necesarios para a comprensión, análise, desenvolvemento, avaliación e aproveitamento dos recursos lingüísticos e literarios para o futuro profesional
A6	Argumentar os temas e os textos obxecto de estudo de acordo coas convencións académicas, achegando probas e servíndose dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente dos orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
A7	Participar en debates e actividades de grupo, e organizalos desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico con respecto ás posicións alleas e á tolerancia cara á diversidade social e cultural que se expresa nas linguas e literaturas en cuestión.
A8	Formular razoamentos críticos nos ámbitos de estudo lingüístico e literario a fin de adquirir métodos sólidos de análise, que transcendan a simple aproximación intuitiva ás linguas e aos textos obxecto de estudo.
A9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais en español e en galego, formulando hipóteses cunha metodoloxía apropiada para transmitir ideas eficaces, de acordo coas convencións académicas, e argumentando os razoamentos expostos.
A12	Posuír unha conciencia crítica ante mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe
A13	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación
B1	Que o estudante demostrase posuír e comprender coñecementos dunha área de estudo que parte da base da educación secundaria, que se adoita atopar nun nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
B2	Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou a súa vocación dunha forma profesional, e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
B3	Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar os datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre os temas destacados de índole social, científica ou ética.
B4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado

Competencias de materia		
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
- Fundamentar con coñecementos teóricos unha adecuada, coherente e correcta expresión oral e escrita en lingua española.	A4 A5 A9	B1
- Analizar e valorar criticamente exemplos de expresión oral e escrita.	A6 A8 A12	B1 B3
- Promover a autonomía do alumnado para producir e corrixir diversos tipos de textos orais e escritos, utilizando adecuadamente os recursos da lingua española.	A1 A7 A13	B2 B4

Contidos

Tema	
1. Lingua escrita e lingua oral	1.1. Diferenzas contextuais. 1.2. Diferenzas textuais.
2. Comunicación escrita e ortotipografía	2.1. A coherencia textual. 2.2. A puntuación e os signos ortográficos. 2.3. As partes: capítulos, apartados e parágrafos. 2.4. Citas, notas e referencias bibliográficas.
3. As categorías gramaticais: norma e uso	3.1. Os determinantes. 3.2. O nome. 3.3. O verbo. 3.4. O adverbio e os elementos relacionantes.
4. A comunicación oral	4.1. Os xéneros orais. 4.2. A organización do discurso oral. 4.3. A comunicación non verbal e o discurso oral.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Presentacións/exposicións	5	8	13
Estudo de casos/análises de situacións	15	40	55
Sesión maxistral	15	25	40
Resolución de problemas e/ou exercicios	4	10	14
Probas prácticas, de execución. Probas de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	4	10	14
Traballos e proxectos	0	15	15

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Presentacións/exposicións	O alumnado realizará, de forma individual ou colectiva, ao menos dúas exposicións orais na clase. Unha sobre un tema teórico e outra sobre a corrección dun texto escrito.
Estudo de casos/análises de situacións	Analizaranse na clase distintos textos escritos e orais para a súa corrección e revisión crítica.
Sesión maxistral	Nas sesións maxistras o profesor explicará e exorará os conceptos básicos teóricos necesarios para elaborar e realizar as diferentes prácticas e probas de avaliación.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentacións/exposicións	Atenderase de forma personalizada o desenvolvemento do traballo que o alumnado ha de presentar e o desenvolvemento das presentacións individuais ou colectivas que o estudantado presentará na aula.
Probas	Descrición
Traballos e proxectos	Atenderase de forma personalizada o desenvolvemento do traballo que o alumnado ha de presentar e o desenvolvemento das presentacións individuais ou colectivas que o estudantado presentará na aula.

Avaliación

Descrición	Cualificación
------------	---------------

Presentacións/exposicións	Exposición oral na aula, individual ou en grupo, dun tema previamente preparado.	15%
Resolución de problemas e/ou exercicios	Resolución de exercicios, individualmente ou en grupo, que se proporán nas horas presenciais, poden ser realizados na propia aula ou fóra dela.	30%
Probas prácticas, de execución. Probas de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Resolución de probas prácticas de xeito individual e por escrito.	30%
Traballos e proxectos	Traballo individual escrito sobre un tema acordado entre o profesor e o/a estudante. Ten carácter obrigatorio e é imprescindible a súa presentación para aprobar a materia.	20%

Outros comentarios sobre a Avaliación

Segunda convocatoria: consistirá en realizar unha proba escrita que constará, como moito, de cinco preguntas prácticas ou resolver problemas semellantes aos realizados na clase. Para aprobar en segunda convocatoria será obrigatorio entregar o traballo escrito. A proba escrita valerá o 80 % da nota e o traballo escrito o 20 %.

Bibliografía. Fontes de información

Academia Española, Real, **Ortografía de la lengua española**, 2002,

Alcoba, Santiago (coord.), **La oralización**, 1999,

Bosque, Ignacio y Demonte, Violeta, **Gramática descriptiva de la lengua española**, 1999,

Martínez de Sousa, José, **Ortografía y ortotipografía del español actual**, 2008,

Romeo Molina, M^a Victoria y María Segovia, **Cuaderno práctico de openoffice**, 2002,

Recomendacións